

PROXECTOS FINANCIADOS EN GALICIA A TRAVÉS DO 0'7% DO IRPF 2018

1) RESUME DE PROXECTOS EN GALICIA



→ [ASPACE](#)

Grazas ao financiamento por esta vía ASPACE desenvolveu diversos programas: Programa de atención especializada a domicilio, Programa de atención temperá para nenos e nenas con parálise cerebral, habilitación funcional para persoas con parálise cerebral, integración social de persoas con parálise cerebral, respiro familiar para persoas con parálise cerebral e construción, adecuación e equipamento de centros.

→ [C.D.R. PORTAS ABERTAS](#)

Dende Vilardevós, onde ten a súa sede, dirixe un programa Integral destinado á poboación do rural, intervindo con todos os sectores da poboación, un programa de atención urxente a persoas de especial necesidade, un programa de maiores e un programa de medio ambiente. Dende Verín, o Centro multiusos de Servicios Sociais para a conciliación do CDR Portas Abertas realiza multitude de actividades destinadas tamén a toda a poboación.

→ [C.D.R. O VISO](#)

Programa de acceso ao emprego para persoas en risco ou exclusión social, Programa de atención urxente a persoas en situación de risco ou exclusión social, Programa Educación Infantil Familiar na Limia, Programa Implicate na acción voluntaria: 'O teu veciño a túa mellor obra', Programa de atención integral a persoas maiores no medio rural e Programa de promoción e adecuación de centros e unidades de atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade.

→ [COGAMI](#)

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), cos 400.635,60 euros procedentes do recadro X Solidario con cargo á asignación tributaria do 0,7% puido prestar servizos a un total de 1.660 persoas usuarias de 12 entidades membro, mellorando a súa calidade de vida tras participar nos programas que son financiados a través da X Solidaria. Entre os programas desenvolvidos, destacan os de intervención social con acompañamento, dirixido a persoas en situación de especial vulnerabilidade, actividades de desenvolvemento integral a través de formación básica, coñecementos informáticos e de Internet, ademais da capacitación e recuperación do mantemento físico-funcional.

→ [DOWN GALICIA](#)

Participa en tres programas con cargo ao IRPF 2018. Dous deles subvencionan os gastos de persoal técnico nas entidades Down en Galicia para levar a cabo as accións orientadas a dar soporte e mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, mentres que o terceiro vai destinado á adquisición de material e equipamento tecnolóxico para a Federación.

→ [FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA](#)

Grazas á X Solidaria, desde FADEMGA Plena inclusión Galicia podemos dar continuidade cada ano a proxectos dirixidos a persoas con discapacidade intelectual como son: ao programa de saúde mental, de Atención a reclusos e exreclusos, de Cidadanía activa, de Muller, de



Exclusión Social, ao Programa de envelhecimento activo, Programa de emprego, Programa de accesibilidade e ó Programa de Atención a familias.

→ [FAXPG FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA](#)

Programa Axente de desenvolvemento da Comunidade Xorda – ADECOSOR e Programa de Atención ó entorno das persoas xordas para a súa integración sociofamiliar.

→ [SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA](#)

Programa Acompaña Saúde Mental, Programa Capacita Saúde Mental, Programa Incorpora Social Saúde Mental, Programa Respira Saúde Mental, PSH Inclusión Saúde Mental, Programa Previr Saúde Mental, Inclúe Emprego Saúde Mental, Achega Saúde Mental, Volunta Saúde Mental e Atendo Saúde Mental.

→ [FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA \(FAGAL\)](#)

Obradoiros de estimulación cognitiva e psicomotriz para persoas afectadas polo alzhéimer, grupos de axuda mutua, préstamo de servizos para facilitar o desenvolvemento de actividades da vida diaria, atención psicolóxica individualizada, programas de información e formación para familiares e coidadores e promoción e adecuación de centros e unidades de atención a persoas maiores.

→ [FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA](#)

Programas de Respiro e Apoio familiar, Servizos de Prevención e Diagnóstico, Servizos de transporte adaptado, Programas de sensibilización, información e formación a profesionais e familias, Programas directos coas Consellerías de Política Social, Educación e Sanidade, Programas de emprego, asesoramento e apoio ás entidades membro da Federación e Programas de Autonomía Personal e Inclusión social e laboral, apoio xurídico, e programas Culturais e Deportivos.

→ [FEDERACIÓN DON BOSCO](#)

Actualmente desenvolve o programa de Promoción da Calidade de Vida Infantil, Educación en valores para la Integración Social de mozos e mozas, Educación para a saúde, Formación e promoción do voluntariado e Formación e axuda ao emprego para mozos.

→ [FEGADACE](#)

Programas de Información e orientación a familias e de Autonomía persoal e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido, o Espazo DCA que promove a inclusión das persoas con esta discapacidade a través da participación directa e dous novos centros de tratamento para persoas con DCA.

→ FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

En Galicia, esta fundación leva a cabo os seguintes programas con financiación por esta vía: Programa ACCEDER, para facilitar o acceso ao mercado laboral; Programa Promociona, para favorecer o éxito académico, Programa de Emprego Xuvenil, de acceso das persoas menores de 30 anos ao mercado laboral, o Programa Calí, de empoderamento da muller xitana e programa de Participación xuvenil.

→ FUNDACION MENIÑOS

O programa que levou a cabo foi o de Integración Familiar do que se beneficiaron un total de 335 nenos e nenas e adolescentes acollidos en centros, ou en medidas de acollemento familiar temporal (área de reunificación familiar) ou en situación de risco de desprotección (área de Preservación) e 197 familias.

→ JUAN SOÑADOR

Os proxectos que levaron a cabo foron catro: 'Atención socioeducativa Na Rúa', 'Calidade de vida infantil-Espabila', 'Atención social e legal' e 'Vivenda de emancipación social Ourense' cos cales atenderon a 203 persoas.

2) DETALLE PROGRAMAS LEVADOS A CABO GRAZAS A X SOLIDARIA

→ **ASPACE**

As asociacións que integran ASPACE-Galicia levan a cabo varios



programas financiados a cargo do IRPF que axudan a mellorar a calidade de vida das persoas con parálise cerebral, das súas familias e dos seus cuidadores. En total, no último ano sumaron unha inversión de 381.335,63 € grazas aos cales se

puideron beneficiar ao redor de **800 persoas**.

Algúns dos programas que puideron levarse a cabo grazas ó IRPF son:

Programa de atención especializada a domicilio

Programa de atención temperá para nenos e nenas con parálise cerebral

Programa de habilitación funcional temperá para nenos e nenas con parálise cerebral

Programa de integración social de persoas con parálise cerebral

Programa de respiro familiar para persoas con parálise cerebral

Construción, adecuación e equipamento de centros

Contacto: 986 879 967 / comunicacion@aspacegalicia.org

→ **C.D.R PORTAS ABERTAS**

O Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas realiza a súa actividade no medio rural da Comarca de Verín: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

Programa integral dirixido á poboación rural desfavorecida

Durante o ano 2018 foron un total de 713 persoas atendidas.

Fixéronse actividades como:

Formación ocupacional orientada ó emprego,

Asesoramento para o autoemprego e

emprendemento,

Actividades con persoas con diferentes

capacidades, Acollemento



de persoas que cumpren unha pena, Inmigración e convivencia intercultural, Obradoiros de habilidades sociais, Dinamización da Comarca, Educación compensatoria de nenos e nenas no medio rural, Coordinación cos servizos sociais da comarca e Fomento do Voluntariado.

Programa atención urgente a persoas con especial necesidade

No ano 2018 foron 191 persoas con necesidades urxentes atendidas; Reparto de alimentos e bens de primeira necesidade, Obradoiro de Habilidades Sociais, Becas Comedor, Orientación e Asesoramento, Obradoiro de Economía Familiar, Recollida , selección e entrega de

roupa e outros útiles e Apoio e acompañamento para a inclusión e xestión de aloxamento.

Programa atención a persoas maiores

No ano 2018 atendéronse un total de 127 persoas maiores, persoas cuidadoras ou familiares. Terapia ocupacional no fogar, Información orientación e apoio ós cuidadores, Recuperación de saberes, Terapia Ocupacional grupal en Verín con usuarios derivados do Hospital de Verín, Obradoiros de mellora da Psicomotricidade, Acompañamento a persoas que viven solas a visitas médicas, trámites administrativos, etc. e Programa de avellentamento exitoso no medio Rural.

Programa de Medio Ambiente

Cas nosas actividades de Medio Ambiente chegamos no ano 2018 a 110 persoas. Son actividades baseadas en accións de investigación científico-técnicas e achegamento do medio ambiente as persoas con campañas de sensibilización. Estas actividades son Recuperación de sementes, Recuperación de variedades autóctonas de vide, Tracción animal e Limpeza de Ríos.



Distribución xeográfica dos programas:

- Programa Integral destinado á poboación do rural, Programa de atención urgente a persoas de especial necesidade, Programa de maiores, Programa de medioambiente: Vilardevós.

- Diversas actividades para a conciliación no Centro Multiusos de Servicios Sociais: Verín.

Contacto: Tel. 988 417 232 / rural@cdrportasabertas.org

→ **C.D.R O VISO**

O Centro de Desenvolvemento rural de O Viso abarca a máis de 10 concellos diferentes e ten un alcance de 2480 persoas usuarias.

A través da financiación do IRPF, este centro executa programas como:

Programa de acceso ao emprego para persoas en risco ou exclusión social

Programa de accións de carácter integral co fin de favorecer a inclusión activa a través do emprego, proporcionando ademais o acceso a servizos de calidade como educación, sanidade e vivenda, en xeral, ao sistema de protección social. Tamén se desenvolveron accións socioeducativas coas familias e animación sociocultural en xeral facilitando a participación social da comunidade. As variables do envellecemento ou xénero foron contempladas de xeito transversal para permitir a participación en condicións de equidade ás persoas participantes e/ou beneficiarias. Neste programa participaron 2.475 persoas.



Programa de atención urgente a persoas en situación de risco ou exclusión social

Programa de cobertura de necesidades básicas de alimento, hixiene e limpeza do fogar, bombonas de gas, cobertura puntual de alugueiros ou facturas de subministro a persoas en risco de exclusión social retribuíndoas cara o sistema galego de servizos sociais e procurando a súa inclusión activa. Contou ademais co servizo de comedor social no Centro de Inclusión ou a domicilio e cos servizos de hixiene e lavandería e transporte. Beneficiáronse en total 230 persoas dalgún dos seus servizos.

Programa Educación Infantil Familiar na Limia

Programa de educación familiar a través do que se realizaron actividades destinadas ó desenvolvemento afectivo, físico, emocional, comunicativo de nenas e nenos e outras destinadas a potenciar a parentalidade positiva.

Participaron familias con nenos e nenas de 0-6 anos, sendo prioritaria a franxa de idade de 0-3 e nenas e nenos non escolarizados.

Leváronse a cabo xuntanzas familiares semanais na que participaron nenas e nenos acompañados pola nai, pai, avós, tías... e unha educadora que fixo de acompañante-guía de ditas reunións.

Foi un espazo de interacción para permitir que se atoparan unhas familias con outras, nun medio rural onde escasea a infancia e onde se fai necesario establecer lazos afectivos para garantir o contacto co grupo de semellantes.

Este programa tivo os seguintes resultados:

- 300 persoas visitadas e informadas do programa
- Participación directa de 143 persoas
- 181 xuntanzas de familias
- 10 grupos constituídos e/ou mantidos de cursos anteriores
- 1 encontro de familias interxeracional en Lodoselo con 80 participantes (Sarreaus)
- 20 persoas voluntarias no encontro de familias e 5 persoas voluntarias durante todo o curso
- 15 reunións pedagóxicas en coordinación coa Asociación Antonio Gandoy de Lugo.

Programa Implicáte na acción Voluntaria: "O teu veciño a túa mellor obra"

Programa de continuidade que complementa todas as accións e servizos que oferta o CDR O Viso, así como un recurso máis da nosa comunidade: a participación das persoas solidarias. Co slogan "O teu veciño a túa mellor obra", continuamos realizando por toda a comarca, a promoción e formación do voluntariado a través de campañas, información e sensibilización que lles axuden a ter un coñecemento

previo da realidade e dos colectivos de persoas cos que se realiza o voluntariado. A formación e sensibilización son esenciais antes de comezar as actividades de acompañamento propiamente ditas xa que desexamos que se produza un cambio social real. Este programa acadou estes resultados:

- 230 trípticos repartidos.
- 30 actualizacións na web e redes sociais.
- 10 notas de prensa.
- 3 campañas de captación e sensibilización.
- 7 persoas novas participaron durante o 2018.
- O CDR "O Viso" foi 1 das 11 once entidades galegas galardoadas no XX Congreso Estatal de Voluntariado pola súa traxectoria e implicación na acción voluntaria.
- 1 xuntanza de voluntarios e voluntarias en Lodoselo no mes de setembro.
- 8 actividades elaboradas e levadas a cabo polo voluntarios e polas voluntarias.
- 3 persoas beneficiarias do Programa Erasmus+ procedentes de: Francia, Bosnia-Herzegovina e Alemaña.



Programa de atención integral a persoas maiores no medio rural

Proxecto de carácter permanente e continuista que leva desenvolvéndose e mellorando dende hai máis de 25 anos.

O obxectivo principal aboga por dotar as persoas de ferramentas e recursos que lles permitan permanecer no seu fogar o maior tempo e no mellor estado posible a través de intervencións que baseadas en:

- Atención sociosanitaria básica: Servizo de xantar no fogar e no centro, hixiene, lavandería, administración de medicación, podoloxía, perruquería, acompañamento e seguemento de citas médicas e outras xestións e transporte adaptado.
- Programas de carácter terapéutico: Programas de rehabilitación e mantemento integral no centro e a domicilio como rehabilitación cognitiva e físico- funcional, asesoramento e préstamo de produtos de apoio ou atención e axuste psicolóxico.
- Promoción da autonomía e prevención da dependencia dirixidos tanto as persoas beneficiarias como a súa rede de apoio: ximnasia de mantemento, taller de memoria, taller de dixitalización, charlas sobre saúde, horta comunitaria de recuperación de sementes e participación e voluntariado nas actividades interxeracionais.

Os resultados obtidos neste programa foron:

- O número de usuarios/as total aumentou un 30% respecto ao ano anterior.
- Obtemos unha porcentaxe moi alta de permanencia nos servizos (sobre 80%).

- As baixas por institucionalización supoñen un 20% das baixas totais.
- Aumento da participación da comunidade no deseño das actividades así como a súa implicación como voluntarios na execución das mesmas.

As persoas beneficiarias directas foron 300, estimándose que de forma indirecta chegaron a ser unhas 1000.



Programa de promoción e adecuación de centros e unidades de atención a persoas maiores e a persoas con discapacidade

Realización dun pozo artesán que vai permitir o abastecemento ao centro do volume de auga necesario para o correcto funcionamento do mesmo en épocas de escaseza e cando existan problemas de abastecemento de



auga da traída. Instaláronse tamén 3 depósitos cun sistema de canalización para a recollida das augas pluviais do tellado do Centro

para dispor dunha Instalación que permita a súa posterior utilización como auga de rega da horta e xardín do mesmo.

Benefíciáanse tódalas persoas que realizan algunha actividade no centro así como as persoas que reciben algún dos servizos de proximidade e tódalas persoas que reciben o servizo de xantar a domicilio.

Capacidade do centro 43 persoas. (Beneficiarios de tódolos programas e servizos: 450 persoas.



Distribución xeográfica dos programas:

Programa de acceso ao emprego para persoas en risco ou exclusión social: Sarreaus, Xinzo de Limia e Trasmiras.

Programa de atención urxente a persoas en situación de risco ou exclusión social: Sarreaus, Xinzo de Limia e Trasmiras.

Programa Educación Infantil Familiar na Limia: concellos de Baltar, Porqueira, Cualedro, Trasmiras, Sandiás, Sarreaus e Xinzo de Limia.

Programa Implicátese na acción voluntaria: "O teu veciño a túa mellor obra'": Xinzo de Limia e Lodoselo (Sarreaus).

Programa de atención integral a persoas maiores no medio rural: As intervencións realizáronse principalmente no Centro Lodoselo (Sarreaus)

aínda que os servizos a domicilio tamén chegaron aos concellos de Xinzo de Limia, Trasmiras, Os Blancos, Baltar, Porqueira e Cualedro.

Contacto: Edi Díaz / Tel. 988 461 571 / areasocial@cdroviso.org

→ COGAMI

Un total de 1.660 persoas usuarias de 12 entidades membro de COGAMI melloraron a súa calidade de vida tras participar nos programas que son financiados a través da X Solidaria. Entre os programas desenvolvidos, destacamos os **de intervención social con acompañamento, dirixido a persoas en situación de especial vulnerabilidade, actividades de desenvolvemento integral a través de formación básica, coñecementos informáticos e de Internet, ademais de capacitar e recuperar o mantemento físico-funcional.**

A Asociación Galega de Linfedema realizou 1.200 tratamentos de masaxe e drenaxe linfático no seu servizo de fisioterapia especializado. Alcer Coruña puido informar e orientar a persoas afectadas por enfermidades do ril. A Asociación Galega de Fibrose Quística prestou sesións de fisioterapia respiratoria a 67 persoas que conviven con esta doenza. Dende a Federación COGAMI Pontevedra realizaron na provincia actividades preventivas, rehabilitadoras e de atención psico-social con obradoiros de alimentación saudable, actividades deportivas e rehabilitadoras físicas e da linguaxe.

Na provincia de Ourense, A Federación Discafis COGAMI desenvolveu un programa dirixido a minorar os avances dos efectos da discapacidade e promover a autonomía persoal das persoas con enfermidades crónicas. A asociación ACCU puxo en marcha un

programa de atención integral, promoción da autonomía persoal e inclusión social para persoas con enfermidades intestinais.

As asociacións de Esclerose Múltiple de Santiago, A Coruña e Ourense favoreceron a 52 persoas cos seus programas de atención psicolóxica, social e fisioterapia, respectivamente, mentres que Misela en Noia puido levar a cabo o programa de atención temperá e discapacidade infantil en menores de 0 a 16 anos. A asociación Ambar finalizou as obras do centro comarcal de recursos que ten en Ribeira e os centros de recursos de Monteporreiro e Mos mercaron dous vehículos de transporte adaptado que posibilitaron a mellora do servizo e a apertura de novas rutas.

Contacto: Cristina Pet Canto / Tel. 981 574 698 / prensa@cogami.es

→ **DOWN GALICIA**

Programa Autonómico de Apoio e intervención no proceso de envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

Nos últimos anos, en Down Galicia atopámonos con persoas usuarias das nosas entidades relativamente novas que están a envellecer nos nosos servizos. Ante esta realidade, creouse este programa, que ten como obxectivo prioritario promover o envellecemento activo nas persoas adultas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, asegurándolles maiores oportunidades de incrementar,



manter e actualizar aquelas competencias que favorezan o fomento da súa calidade de vida.

Programa Autonómico de Apoio a Familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

O programa basea a súa actuación na busca de implicación activa das familias, facilitando unha visión optimista, construtiva e normalizadora que posibilite unha mellora da calidade da vida do grupo familiar e a instauración de espazos de intercambio e coordinación entre todos os axentes da estrutura familiar. Este programa está asentado na intervención directa con familias a través de accións informativas, de orientación, de acompañamento ou de formación e na prestación de servizos e a coordinación dos mesmos.

Optimización e renovación de equipamento tecnolóxico en Down Galicia

A través deste programa, Down Galicia quere renovar parte dos equipos informáticos que utilizan os e as profesionais da Federación para o óptimo desenvolvemento do seu traballo diario e conseguir, deste xeito, mellorar a calidade do servizo de Promoción da Autonomía Persoal de Down Galicia.

Contacto: Alba Iglesias / Tel. 981 581 167
/ comunicacion@downgalicia.com

→ **FADEMG GALICIA**



Grazas á X Solidaria, desde **FADEMGA Plena inclusión Galicia** podemos dar continuidade cada ano a proxectos dirixidos a persoas con discapacidade intelectual, un colectivo en clara desvantaxe social. Entre eles cabe destacar:

Programa de saúde mental

Destinado a traballar na mellora da saúde mental de persoas con discapacidade intelectual que presentan trastornos mentais e/ou alteracións de conduta asociados.

Programa de Atención a reclusos e exreclusos

A carencia de recursos específicos que atendan as necesidades deste colectivo fai necesaria a posta en marcha dun programa de intervención. Desde FADEMGA Plena inclusión Galicia realizamos medidas de prevención de condutas antisociais, mellora da asistencia xurídica, reinserción familiar, social, laboral e persoal dos usuarios...

Programa de Muller

A través do "Programa de Muller" achegámonos á realidade das mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, co obxectivo de dar maior visibilidade a este colectivo de mulleres, velar polos seus dereitos, promover a súa participación e empoderamento dentro e fóra do movemento asociativo, previr e sensibilizar contra a

violencia de xénero e fomentar accións que faciliten o acceso ao emprego de maneira igualitaria....

Programa de Cidadanía activa:

En FADEMGA Plena inclusión ofrecemos os apoios necesarios para promover a autonomía e independencia das persoas con discapacidade intelectual, co fin de que gañen control sobre as súas vidas, e garantindo así a igualdade de oportunidades.

Programa de Exclusión Social

Este programa nace coa intención de prestar os apoios necesarios ás persoas con discapacidade intelectual que presentan condutas adictivas.

A través deste programa coñecemos e avaliamos as dificultades que presentan estas persoas para poder levar a cabo o seu propio proxecto de vida, implicando ás familias e facendo uso dos recursos comunitarios.

Programa de envellecemento activo

Trátase dun amplo e crecente colectivo de persoas con discapacidade intelectual en proceso de envellecemento. A través deste programa, FADEMGA mellora a calidade de vida das persoas en proceso de envellecemento e das súas familias, a través de actuacións como a estimulación cognitiva, actividades de motricidade ou mobilidade,

sesións de participación na comunidade, apoio e asesoramento a familiares...

Programa de Emprego

Grazas á X Solidaria, en FADEMGGA Plena inclusión tamén levamos a cabo un programa de emprego a través do cal prestamos formación específica e adaptada ás persoas con discapacidade intelectual, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade, dado que a súa inclusión social depende en gran medida dunha inserción laboral adecuada que lles garanta certo grao de independencia e autonomía.

Programa de Accesibilidade

A través do noso programa de accesibilidade promovemos a necesidade de implantar a accesibilidade cognitiva na nosa contorna, especialmente a través da lectura fácil: un método de adaptación e redacción de materiais que permite achegar a información a persoas con dificultades de comprensión.

Programa de Atención a familias

Un dos nosos cometidos máis importantes é apoiar ás familias de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. Os familiares soen ser o principal apoio natural co que contan as persoas con discapacidade e facilitan a súa inclusión na sociedade. Para conseguilo, ofrecemos unha serie de actividades e servizos dirixidos ás familias: apoio emocional, dinamización, formación e respiro familiar.

Actualmente este programa desenvólvese nas 4 provincias.

Contacto: Iria García / Tel 981 519 650 - 615 484 478 / comunicacion@fademga.org

→ **FAXPG-FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA**

Programa: Axente de desenvolvemento da Comunidade Xorda – ADECOSOR

Este programa consiste en incorporar as organizacións a figura do Axente de Dinamización da Comunidade Xorda (ADECOSOR), un perfil desenvolvido por persoas xordas que actúan como modelo social y comunicativo para o colectivo de persoas xordas. A figura do ADECOSOR serve como ponte entre as persoas xordas e as organizacións, axudando a superar as barreiras de comunicación existentes entre éstas, favorecendo a integración e mellorando en definitiva o día a día das persoas xordas. O número de usuarios/as xordas/as atendidas en 2017 foi de 441.



Programa: Atención ao entorno das persoas xordas para a súa integración sociofamiliar

O principal obxectivo deste programa e mellorar a calidade de vida

das familias con membros xordos, a través de accións que den cobertura as súas necesidades, así como desenvolver, ampliar e

fortalecer a rede de servizos especializados en familias ubicados nas nosas Federacións Territoriais. O número de familias con membros xordos orientadas e asesoradas en 2017 foi de 86.

Contacto: Elena Pena Pereira / Tel. 981 169 336 / mcomunicacion@faxpg.es

→ SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA

As asociacións que integran Saúde Mental FEAFES Galicia levan a cabo múltiples programas financiados a cargo do IRPF que axudan a mellorar a calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental, das súas familias e das persoas cuidadoras. O último ano, esta partida supuxo unha inversión total de **555.173,76€**, grazas á cal se puideron beneficiar miles de persoas usuarias dos nosos servizos.

Un dos proxectos que recibe estes recursos é o programa **Acompaña Saúde Mental**, que facilita apoios para o acceso das persoas con problemas de saúde mental aos recursos sociocomunitarios coa fin de manter unha calidade de vida digna. Ademais, as asociacións tamén executan o programa **Capacita Saúde Mental** que inclúe as escolas de familias e os grupos de autoaxuda.

Tamén recibe financiamento desta partida o programa **Incorpora Social Saúde Mental**, centrado na inserción social e comunitaria de persoas con enfermidade mental crónica con medidas xudiciais; do mesmo xeito que o fai o programa **Respira Saúde Mental**, no que se realizan actividades de ocio para persoas con problemas de saúde mental e que tamén supoñen un descanso na tarefa das persoas cuidadoras.

Outras actuacións que se benefician do X Solidario son o programa **PSH Inclusión Saúde Mental**, que traballa coas persoas sen fogar con problemas de saúde mental na cidade de Lugo; ademais dos programas **Inclúe Emprego Saúde Mental**, **Achega Saúde Mental**, **Atendo Saúde Mental**, **Previr Saúde Mental** e **Volunta Saúde Mental**, que tratan de mellorar os servizos de atención, acceso ao emprego e información e atención, ademais da prevención nas diferentes vilas e cidades galegas onde teñen presenza as asociacións de Saúde Mental FEAFES Galicia.



A maiores, este ano tamén recibimos apoio económico desta partida para o comezo da construción dunha **Unidade Residencial** para persoas con problemas de saúde mental no concello de As Pontes.

Distribución xeográfica dos programas:

Acompaña Saúde Mental: Noia, Ribeira, A Coruña, Cee, Carballo, Culleredo, Betanzos, Ames, Narón, Pontevedra, A Guarda, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Redondela, Lugo, Monforte de Lemos, Chantada, Burela, Ourense, Verín, Barco de Valdeorras, Lalín, Oroso



Capacita Saúde Mental: Noia, Ribeira, A Coruña, Cee, Carballo, Culleredo, Betanzos, Ames, Narón, A Guarda, Vigo, Cangas, Vilagarcía de Arousa, Redondela, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Verín, Barco de Valdeorras, Oroso

Incorpora Social Saúde Mental: Narón, Redondela

Respira Saúde Mental: Noia, Ribeira, A Coruña, Ames, Narón, Pontevedra, A Guarda, Redondela, Monforte de Lemos, Chantada, Ourense, Oroso

PSH Inclusión Saúde Mental: Lugo

Previr Saúde Mental: Vigo

Inclúe Emprego Saúde Mental: Monforte

Achega Saúde Mental: Ponteareas, A Cañiza

Volunta Saúde Mental: Ourense, Vilagarcía, Santiago

Atendo Saúde Mental: Santiago

Unidade Residencial: As Pontes

Contacto: 981 554 395 Ext. 1019 / comunicación@feafesgalicia.org

→ **FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA (FAGAL)**

As 13 asociacións de familiares de persoas con alzhéimer e outras demencias que forman parte da Federación Alzhéimer Galicia reciben unha importante inxección económica a través da campaña da X Solidaria, que lles permite desenvolver programas e proxectos de axuda tanto a persoas afectadas polo alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas como ás familias e persoas coidadoras que son, en

moitas ocasións, as grandes esquecidas neste tipo de doenzas. Estas aportacións económicas que reciben as AFAs van dirixidas á posta en marcha de programas en catro ámbitos concretos:

Atención integral a persoas cunha demencia a través de obradoiros de estimulación cognitiva e psicomotriz para persoas afectadas polo alzhéimer (musicoterapia, orientación á realidade, reminiscencia, fisioterapia...). O obxectivo deste programa é manter e maximizar as capacidades residuais das persoas usuarias, así como proporcionar un tempo de descarga física e emocional para as persoas coidadoras.

Apoio e a formación das familias, grazas ós grupos de axuda mutua, á atención psicolóxica individualizada e ós diferentes programas de información e formación para familiares e persoas coidadoras. Isto permite unha mellora na calidade de vida dos coidadores principais, reducir os seus niveis de ansiedade e estrés.

Axudas técnicas e servizos de atención no fogar, levando a cabo o préstamo de servizos para facilitar o desenvolvemento de actividades da vida diaria.

Promoción e adecuación de centros e unidades de atención a persoas maiores, co obxectivo de contar con centros de día adaptados ás necesidades das persoas usuarias das nosas asociacións.

As nosas asociacións atenderen no pasado ano 2018 a máis de 5.600 persoas en Galicia, entre persoas usuarias e familiares.

As asociacións de alzhéimer de Galicia poñen en marcha estes programas nun total 125 localidades repartidas polas catro provincias galegas, destacando a súa implicación na contorna rural onde o acceso os servizos vese limitado, sobretudo, para as persoas maiores.

Distribución Xeográfica dos programas:

Provincia da Coruña: Laxe, Cabana de Bergantiños , Ponteceso, Malpica , Coristanco , Laracha , Carballo , Santa Comba, Abegondo, Arteixo, Riveira, Bergondo, Betanzais, Cambre, Culleredo, Miño, Oleiros, Oza de los Ríos, Paderne, Sada, Ordes, Ferrol, Fene, Ares, Neda, Mugardos, San sadurniño, Narón, Valdoviño, As Somozas, Cedeira, Moeche, Santiago de Compostela e arredores.



Provincia de Pontevedra: Vigo e área metropolitana, Pontevedra e área metropolitana, Moaña, Cangas, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, Meaño.

Provincia de Ourense: Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Ciprián de Viñas, Taboadela, Toén, Vilamarín, Beariz, Boborás, Carballiño, Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristóbal de Cea, Arnoia, Avión, Beade,



Carballada de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia.

Provincia de Lugo: Castroverde, O Corgo, Friol, Guntfín, Lugo, Outeiro de Rey, Portomarín, Castro de Rey, Cospeito, Guitiríz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade, Chantada, Quiroga, Rábade, Abadín, Begonte, Monforte de Lemos, Viveiro.

Contacto: David Otero/Javier Hermida/ Tel. 981595121/
administración@fagal.org

→ **FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA**

Grazas a resolución do IRPF beneficiáronse case 7000 persoas na Rede de Servizos da Federación Autismo Galicia.

Moitas familias poideron levar aos seus nenos e nenas, e tamén aos adultos aos Programas de Respiro e Apoio familiar.

Moitas persoas tiveron a posibilidade de ter servizos de Prevención e Diagnóstico, furgonetas e vehículos para poder mobilizarse.

Fixéronse programas de sensibilización, información e formación a profesionais e familias, traballando en pro do coñecemento das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo.

Leváronse a cabo programas directos coas Consellerías de Política Social, de Educación, con entidades como o Sergas de importante incidencia na Saúde. E programas de emprego, asesoramento e apoio as entidades membro da Federación Autismo Galicia.

Tamén foron posibles levar a cabo Programa Autonomía Persoal e inclusión social e laboral, apoio xurídico, e programas Culturais e Deportivos

Contacto: Adriana Pazos Ottón / Tl. 981 589 365 / comunicacion@autismogalicia.org

→ **FEDERACIÓN DON BOSCO**

Os fondos provintes do 0,7% do IRPF son destinados a axudar ao desenvolvemento de 5 programas que a entidade realiza nas principais cidades de Galicia con infancia e mocidade en risco de exclusión social no ámbito da educación no tempo libre: Promoción da calidade de vida infantil, Educación en valores para a integración social de mozos, Educación para a saúde, Formación e promoción do voluntariado, e Formación e axuda ao emprego para mozos.



A Federación Don Bosco actúa ao través das 5 asociacións xuvenís asociadas: A.X. Amencer de Ourense, A.X. Abertal de Vigo, C.X. Don Bosco de Santiago, A.X. Abeiro de A Coruña e A.X. Ateibo de Lugo.

Promoción da Calidade de Vida Infantil

Este programa ten como obxectivo favorecer espazos de ocio e tempo libre educativos para a infancia, que permitan a súa formación integral. Á súa vez, fomentar o asociacionismo infantil, para educar en valores como a participación democrática, a tolerancia, a paz e o respecto.

Todo en coordinación cos distintos ámbitos que se ven implicados na educación dos nosos destinatarios: escolas, familias e servizos sociais.

Educación en valores para la Integración Social de mozos e mozas

Pretende ofrecer aos mozos un lugar que recolla as súas necesidades lúdicas e formativas e promova o intercambio de inquiredanzas e experiencias, posibilitando o acceso á mocidade en situación de risco social a unha oferta ampla de tipo cultural e formativo, así como a medios de participación social.

Educación para a saúde

Este programa céntrase na prevención do uso de drogas, a potenciación de actitudes de prevención co fin de evitar



situación de risco contra a saúde e proporciona información acerca de hábitos favorecedores dunha vida saudable.

Formación e promoción do voluntariado

Con este programa dótase da información precisa aos voluntarios para realizar a súa labor nos programas que desenvolve a entidade. Do mesmo xeito, ábrese o itinerario formativo a novos voluntarios.

Formación e axuda ao emprego para mozos

Fomenta a creación de hábitos que favorezan o establecemento de relación sociais, proporciona coñecementos profesionais mínimos e desenvólvense habilidades sociais que faciliten a inserción laboral. Outro obxectivo do programa é potenciar a autoestima dos

destinatarios e unha actitude positiva ante a sociedade así como paliar as consecuencias do fracaso educativo como limitante para a inserción laboral.

Contacto: Adrián Rodríguez / Tel. 988 218 123 / secretaria@fedboscoGal.org

→ **FEGADACE**

Grazas ás persoas contribuíntes solidarias, ADACECO, ADACE Lugo, Alento, Renacer, Sarela e FEGADACE desenvolven as seguintes actuacións destinadas ás persoas e familias con dano cerebral adquirido:

Programa de información e apoio a familias de persoas con dano cerebral adquirido.

Ten un dobre obxectivo: sensibilizar, informar e orientar sobre o dano cerebral e os recursos de atención, e proporcionar apoio emocional ás familias. No marco do primeiro, realízanse accións de coordinación con centros sanitarios e servizos sociais e actividades informativas. Como novidade, en 2019 FEGADACE está a desenvolver un proxecto de información sobre o dano cerebral nas zonas rurais, que teñen a poboación máis illada e envellecida. No que respecta ao labor coas familias, achégase apoio psicolóxico a nivel individual e grupal e tamén información legal, sobre axudas, formación, e calquera outra noción necesaria para que as persoas coidadoras se adapten á nova situación que xorde coa chegada do dano cerebral.

Nº de persoas beneficiarias en 2018: 674



Programa de autonomía e inclusión social

Este programa repercute directamente sobre a persoa con dano cerebral, buscando potenciar a recuperación funcional e a autonomía persoal. Intervenñen diferentes profesionais da rehabilitación (psicoloxía-neuropsicoloxía, fisioterapia, logopedia e terapia ocupacional) para realizar actividades básicas da vida diaria, adestramento en comunicación, potenciación das capacidades físicas, apoio para o desenvolvemento autónomo no contexto comunitario...

Nº de persoas beneficiarias en 2018: 284

Programa de investimento

As asociacións de dano cerebral poden financiar infraestruturas e equipamentos cos que garantir que existan centros e dotacións coas que realizar os seus proxectos. Así, en 2019 vanse financiar as obras do novo centro de día de ADACECO (Asociación de Dano Cerebral da

Coruña), e tamén se vai adquirir un vehículo adaptado, mobiliario terapéutico e equipamento informático de primeira necesidade.

Cómpre lembrar, aínda que xa leven varios anos en funcionamento, que as asociacións Alento (Vigo) e Sarela (Santiago de Compostela) puideron construír e dotar os seus centros grazas, en boa medida, á recadación da X Solidaria.

Distribución xeográfica dos programas:

Programa de información e apoio a familias de persoas con dano cerebral adquirido: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Programa de autonomía e inclusión social: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Programa de investimento: A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

Contacto: Irene Cancelas / Tel. 659 177 709 / comunicacion@fegadace.org

→ **FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO**

A Fundación Secretariado Gitano desenvolve a nivel estatal seis programas con cargo a asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas – IRPF.

Programa supraterritorial para a cofinanciación das actuacións dirixidas á poboación xitana nos Programas Operativos Plurirrexionales do FSE.

Programa estatal de Promoción de accións e campañas de sensibilización social sobre a comunidade xitana.

Programa estatal de formación ON LINE en Intervención Social coa Poboación Xitana, en colaboración coa Universidade Pública de Navarra.

Programa estatal para a promoción da participación da cidadanía xitana, en especial da poboación xoven.

Programa estatal de formación e promoción do voluntariado en programas de atención ás persoas con necesidades educativas ou de inserción laboral.

Programa estatal de acompañamento e asesoramento xurídico ás vítimas de discriminación racial ou étnica.

O obxectivo destes programas é o desenvolvemento de actuacións integrais orientadas á mellora das condicións de vida, a prevención e a loita contra a pobreza da poboación xitana en risco de exclusión social, promovendo a súa plena cidadanía, atendendo á súa situación e potenciando a participación do voluntariado social nestas tarefas.

No caso concreto de Galicia, os programas financiados con cargo o IRPF son os seguintes:

Programa ACCEDER: facilitar o acceso ó mercado laboral.

Programa Promociona: favorecer o éxito académico.



Programa de Empleo Xuvenil: acceso dos xóvenes menores de 30 anos ó mercado laboral.

Estes tres programas desenvólvese nas localidades de: A Coruña, Lugo, Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela.

Programa Calí: empoderamento muller xitana.

Desenvólvese nas localidades de: Lugo e Santiago de Compostela.

Programa de participación xuvenil.

Desenvólvese nas localidades de A Coruña e Ourense.

Distribución xeográfica dos programas:

Programa ACCEDER, Programa Promociona, Programa de Empleo Xuvenil: A Coruña, Lugo, Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela.

Programa Calí: Lugo e Santiago de Compostela.

Programa de participación xuvenil: A Coruña e Ourense.

Contacto: Eva Vera Ledo / Tel. 982 265 422 - 656 955 823 / eva.vera@gitanos.org

→ **FUNDACION MENIÑOS**

Programa de Integración Familiar: dirixido a familias con nenos e nenas en situación de risco de desprotección e/ou desprotección efectiva, ten como obxectivo eliminar ou minimizar as dificultades existentes nas familias e promover os seus recursos de maneira que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das súas necesidades básicas por parte das figuras parentais.

É un programa de intervención interdisciplinar con familias e nenos, nenas e adolescentes acollidos en centros, ou en medidas de acollemento familiar temporal (área de reunificación familiar) ou en situación de risco de desprotección (área de Preservación).

Este programa desenvólvese en toda Galicia e foron beneficiarias en total 197 familias e 335 nenos e nenas.

Contacto: Ana González / Tel. 981 269 955 / comunicacion@meninos.org

→ **JUAN SOÑADOR**

Proxecto “Atención socioeducativa Na Rúa”

Programa socioeducativo e preventivo dirixido principalmente a mocidade en etapa adolescente de entre 12 e 18 anos, en situación de risco social e a súas familias, intervindo no ámbito individual e grupal, familiar e comunitario. O número total de beneficiarios/as foi de 60 mozos e mozas.



Proxecto “Calidade de vida infantil- Espabila”

Programa de ocio educativo no tempo libre, dirixido á infancia de 3 a 18 anos e a súas familias, en situación de risco e/ou exclusión social en Galicia. O número total de beneficiarios/as deste programa foi de 125 nenos, nenas e adolescentes.

Proxecto “Atención social e legal”

Acollida, información, orientación e asesoramento das persoas migrantes en especial vulnerabilidade social. O número total de beneficiarios/as deste proxecto foi de 138 persoas migrantes.

Proxecto “Vivienda de emancipación social en Ourense”

Vivenda de acollida temporal co principal obxectivo de cubrir as necesidades básicas de vivenda e manutención á vez que se proporciona unha atención integral que posibilite á persoa e/ou familia o retorno a unha vida autónoma. Este servizo vai destinado a aquelas persoas que por mor das características do seu proceso migratorio ou ao fracaso do mesmo, presentan unha especial vulnerabilidade ao carecer de redes sociais efectivas, inestabilidade e/ou desafiliación social. Foron beneficiarios/as deste proxecto 5 persoas.

Distribución xeográfica dos proxectos:

Proxecto ‘Atención socioeducativa Na Rúa’: A Coruña, Lugo e Vigo



Proxecto 'Calidade de vida infantil-Espabila': A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo

Proxecto 'Atención Social e Legal': Ourense, Vigo, A Coruña

Proxecto 'Vivenda de emancipación social en Ourense': Ourense

Contacto: Eloína Ingerto López / Tel. 639 817 789 /
comunicación.galicia@fundacionjuans.org